

**ASUNTO:** Comunicación de selección do "*Criterio Complementario*" do proceso de admisión de alumnado para o curso 24/25.

Ao abeiro do establecido na ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, sobre o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos, no art. 24 establece o procedemento para establecer un "Criterio Complementario".

No Consello Escolar Ordinario, do Ceip Amadeo Rodríguez Barroso, celebrado o pasado 23 de xaneiro de 2024, acordouse por unanimidade de tódolos presentes, establecer como "Criterio Complementario" no proceso de admisión ordinario, para o curso 2024/25 do Ceip Amadeo Rodríguez Barroso :

"Ter unha irmá ou irmao matriculado no centro - Ceip Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso - coas mesmas consideracións establecidas, no art. 14 da ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, de procedemento de admisión do alumnado".

**Artigo 14.** Irmá ou irmán matriculados no centro

1. Para os efectos desta orde, terán a mesma consideración que os irmáns por natureza e adopción:
  - a) Os fillos de calquera dos cónxuxes ou persoas unidas por análoga relación de afectividade, sempre que convivan na unidade familiar.
  - b) As persoas en situación de tutela ou garda en acollemento familiar, sempre que convivan na unidade familiar.
2. Só se terán en conta os irmáns que vaian continuar escolarizados no curso para o cal se solicita a admisión no mesmo centro, ou noutro centro público que teña a consideración de centro único (isto é, centro adscrito e de adscrición do nivel inmediato superior).

Ourense, 26 de xaneiro de 2024

O Director

Miguel Anxo Álvarez Campos

